

MARZO DÍA DA CLASE OBREIRA GALEGA
10

Traballo digno Non a precariedade

O vindeiro 10 de marzo imos conmemorar, un ano máis, a morte de dous traballadores da Bazán, Amador e Daniel, pero tamén a de dúcias de feridos, detidos e mallados pola policía franquista. Imos agasallar a todos aqueles traballadores e traballadoras que, mália a represión, loitaron por mellorar a situación da clase obreira, por democratizar o Estado e por defender os dereitos nacionais de Galiza. O 10 de Marzo, Día da Clase Obreira Galega, é unha data de toda a nación, porque foron días nos que, desde Vigo a Cangas, e desde Compostela á Coruña, obreiros e estudantes coa súa teimosia permitiron un novo pulo na consciencia social e na loita contra unha férrea e enferruxada ditadura. Foi todo un exemplo de vontade, persoal e colectiva, que debemos continuar ante os novos problemas e eivas existentes.

Desde a CIG queremos facer unha especial énfase nesta data na grave situación de precariedade laboral, que contrasta cos grandes beneficios empresariais e a concentración da riqueza nunhas poucas mans. Hai no noso país: 183.000 parados/as (un 17% da poboación activa), tres puntos por riba da media do Estado; 213.000 eventuais (un 36,05% dos asalariados/as); 20.000 persoas emigran cada ano, outra volta!, e 1.000.000 de galegos residen fóra. A todo isto hai que engadir os traballadores por conta allea sen contrato, aqueles que o teñen pero están forzados a realizar máis horas das que se lles pagan e polas que non se cotiza... Unha precariedade que se ceba nas mulleres, na mocidade, nos maiores de 45 anos... que aumenta a marxinalidade, a violencia, o derrotismo, a pasividade, a destrución da convivencia en moitos casos, que incide na baixa natalidade...

Non esquecemos, así mesmo, a necesidade de pular por convénios galegos, achegados aos traballadores e traballadoras e nos que conte a súa voz e decisións. Unha reivindicación que foi a que deu orixe á protesta dos obreiros da Bazán na data que hoxe come-



Confederación Intersindical Galega

moramos, así como a necesidade de mellorar as condicións de seguridade e hixiene no traballo dentro das empresas.

Desde a CIG coidamos que estes problemas teñen solucións posíbeis a curto prazo, sempre que haxa vontade política, algo pouco doado cun goberno de dereita e que apoia políticas neoliberais globalizadoras, e que non reconece os dereitos nacionais de Galiza. Pero non esquezamos nunca, como os obreiros da Bazán do 72, que só coa nosa presión e mobilización sera posíbel acadarmos saídas solidarias, e non son tempos máis difíceis que daquela. Solucións que coidamos deben ser prioritariamente as seguintes respecto da precariedade:

- **POTENCIAR OS SECTORES PRODUTIVOS;
ELIMINAR TODAS AS LIMITACIÓNS Á PRODUCCIÓN IMPOSTAS POLA UE**
- **AUMENTAR A COBERTURA DAS PRESTACIÓNS ECONÓMICAS POR DESEMPREGO, TENDO EN CONTA O ACTUAL SUPERÁVIT DO SISTEMA**
- **UNHA RENDA MÍNIMA PARA TODOS OS PARADOS E PARADAS SEN RECURSOS SUFICIENTES, COMO EXISTE EN TODA A UNIÓN EUROPEA, EMPEZANDO POR PORTUGAL**
- **ELIMINAR AS HORAS EXTRAS E MAIS AS ETTs**
- **REDUCIR OS CONTRATOS TEMPORAIS A CAUSAS ESTRUCTURAIS E CUN MAIOR CUSTO NOS SEGUROS SOCIAIS**
- **REDUCIR A XORNADA LABORAL ÁS 35 HORAS, SEN PERDA DE SALÁRIO**

Traballo digno non á precariedade

Manifestacións

VIGO:	CONCELLO.....	ÁS 11,30H.
FERROL:	AVDA. DE ESTEIRO (LOCAL CIG).....	ÁS 11,30H.
SANTIAGO:	PRAZA DE CERVANTES	ÁS 19,30H.

